CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

Sociedades mercantís

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2026 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. Descrición da entidade

A Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital no seu artigo 2.2. acorda a prestación do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma en réxime de xestión directa, a través dos medios públicos de comunicación audiovisual que se integran na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG).

A Corporación de SAG é unha sociedade mercantil pública autonómica integrada no sector público autonómico con forma de sociedade anónima e con capital participado na súa totalidade pola Comunidade Autónoma de Galicia. A Corporación de SAG goza de autonomía na súa xestión e a persoa titular da Dirección Xeral actúa no exercicio do seu cargo con plena independencia e neutralidade, sen poder recibir instrucións, directrices ou calquera outra clase de indicación do Consello da Xunta de Galicia, da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, partidos políticos, dos sindicatos e doutras institucións ou entidades.

O servizo público de comunicación audiovisual é un servizo esencial de interese económico xeral consistente na produción, edición e difusión de programas, contidos e servizos audiovisuais diversos para todo tipo de públicos e de todo tipo de xéneros, a través de redes e de sistemas de comunicacións electrónicas, en calquera das modalidades que estes permitan.

Neste contexto o orzamento da Corporación de SAG para 2026 recolle baixo as súas cifras a importancia do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia como impulsor da innovación, da participación social e da promoción da sociedade dixital. En consecuencia, un eixe prioritario deste orzamento é a integración, a converxencia e a transformación, mediante a adaptación inclusiva dos sistemas e organizacións tradicionais para a migración da sociedade da información á nova sociedade dixital.

A provisión do servizo céntrase, entre outros, en cinco grandes eixes da súa misión e funcións que son: a preservación dos valores fundacionais de universalidade, diversidade, proximidade, calidade, pluralismo e transparencia aos que se engaden innovación e dixitalización; a adaptación ás novas demandas e formas de consumo dos cidadáns; a reconversión tecnolóxica e organizativa para atender á converxencia de usos; as necesidades de financiamento e as formas máis eficientes de gobernanza en clave de sostibilidade; e a transparencia na rendición de contas para incrementar a confianza e a credibilidade social dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

En definitiva, trátase de prover un servizo público audiovisual competitivo e de calidade, baixo criterios de eficiencia, centrado nas áreas seguintes: regulamentación, gobernan-

za, transparencia, financiamento, dixitalización e innovación, como aspectos fundamentais que caracterizan os retos no ámbito regulamentario, no financiamento, nos modelos de gobernanza, na rendición de contas e a transparencia, na innovación ou na confianza dos cidadáns no servizo audiovisual público.

A Corporación proxecta así na actividade dos seus medios non só a fa¬ceta máis recoñecida da nosa personalidade, cultura e historia, senón que subliña a difusión das actividades con significado estratéxico no noso país en canto reflexo da vontade colectiva por concorrer no espa¬zo global como unha sociedade avanzada.

Para conseguir os fins e ofrecer unha programación que garanta o cumprimento dos obxectivos recollidos nas disposicións normativas, a Corporación de SAG actuará conforme ás liñas estratéxicas de contidos, emisión e produción que se determinan na Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital. Esta disposición normativa recolle no seu capítulo IV "Concreción da misión de servizo público", nos artigos 48 e 49, os instrumentos onde se explicitan e desenvolven os obxectos xerais da función de servizo público, os cales instruméntanse a través do Mandado estratéxico e o Contrato plurianual de xestión respectivamente. As liñas de acción 2026 que se relacionan a continuación informan a dirección de goberno Corporativo nas áreas de contidos e innovación; emisión; produción; tecnoloxía; desenvolvemento dixital; económica-administrativa e xurídica e de xestión das persoas. En consecuencia, este orzamento 2026 contempla as dotacións necesarias para prestar cobertura orzamentaria aos retos dos medios de comunicación audiovisual de Galicia.

En termos xerais o carácter tendencialmente expansivo dos créditos, ten a súa xénese nun dobre esquema que caracteriza este orzamento (1) impulsar a transformación dixital dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia mediante a execución operativa de distintos proxectos, nomeadamente do proxecto de dixitalización do arquivo histórico audiovisual de Galicia xestionado pola CSAG; (2) exercer unha tracción decisiva sobre o sector audiovisual galego mediante a dotación de aplicacións específicas destinadas á adquisición de contidos audiovisuais.

O orzamento 2026 garante unha provisión competitiva e de calidade do servizo público media. Para atender os custos derivados da tributación indirecta do servizo de comunicación audiovisual competencia da Comunidade Autónoma, dótase á aplicación de tributos cun crédito finalista para o IVE por importe de 12,8 millóns de euros.

O conxunto de actuacións representadas nas distintas aplicacións e nos valores que configuran o orzamento articúlanse, como plan de acción, baixo o esquema seguinte: o de aspectos clave de soporte que deben facerse explícitos; o de elementos de consolidación ou perfeccionamento da transformación operada e o de elementos de impulso cara a contribuír ao avance de novos proxectos.

Ao fío do exposto, o documento orzamentario presenta un conxunto de aplicacións e recursos que permite:

- Establecer as dimensións singulares en que se concretan as necesidades de corrección, adaptación, mellora e iniciativa. Estes valores orzamentarios facilitan en consecuencia o establecemento de metas e obxectivos.

- Determinar as grandes liñas de acción á que se refiren as actuacións e que configuran o escenario orzamentario 2026.

- Identificar de xeito sintético as cifras que prestan cobertura orzamentaria ao servizo público de comunicación audiovisual.

- Por último, realizar a asignación de responsabilidades asociadas aos distintos órganos de xestión e en consecuencia a cada unha das Áreas en que se organiza a dirección de goberno Corporativo.

a) Liñas de acción en materia de contidos e innovación

A Corporación de SAG mediante a súa identidade plataforma de servizos de comunicación audiovisual "Agalega", Radio Galega Televisión de Galicia e servizos dixitais, ofertará aos cidadáns, a través dos distintos medios e soportes tecnolóxicamente adecuados, un conxunto de servizos e de canles que diferencien e identifiquen os contidos e o público obxecto ao que se dirixe, procurando a adaptación dos servizos públicos de comunicación á sociedade dixital. Para iso terá en conta as dispoñibilidades orzamentarias.

Tamén se inclúe un modelo máis avanzado de medición de audiencias multiplataforma e a aplicación de tecnoloxías como o sistema HbbTV ou a emisión en UHD (4K).

O acceso a esta oferta terá carácter gratuíto e universal e estará presente nos medios ou soportes tecnolóxicos derivados do desenvolvemento da Sociedade dixital.

Nos ámbitos dos Contidos, da Programación, Difusión e Explotación destes e mais no de Servizo Público e Xeración de Sinerxía Sectorial, estreitamente relacionados en termos de xestión, as liñas de acción establecidas na xestión están a potenciar os servizos informativos como núcleo da prestación ao tempo que se avanza, adap¬tándose ás tendencias da demanda, na redefinición da composición temática e de formatos da oferta e da estratexia de marcas e medios, ampliando a repercusión sectorial da actividade.

En liña co exposto, as actuacións a realizar centraranse, entre outras, nas seguintes:

- Realizar unha provisión do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital baixo criterios de eficiencia favorecendo a visión integral da oferta de servizo público, colocando á audiencia no centro da estratexia Corporativa.

- Impulsar unha evolución estratéxica baseada en reforzar o esquema informativo propio da tecnoloxía e do dato, garantindo o acceso universal á información e aos contidos audiovisuais nos novos escenarios dixitais.

- A transformación tecnolóxica afecta á difusión, acceso, conexión e consumo por parte dos usuarios, espectadores ou consumidores. Isto proxecta o seu efecto na transformación da produción, da programación, financiamento e organización Corporativa. Neste contexto "Agalega " promove de xeito decidido unha contorna de servizos dixitais inclusiva e aberta, cunha dotación de crédito específica, baixo o obxectivo de liderar a referencia audiovisual dos servizos e contidos en lingua galega, nomeadamente de ficción, informativos, divulgativos, deportes e entretemento.

- Presentar e executar o proxecto do sistema de produción dixital da Radio Galega.

- Elaborar, presentar e comezar os traballos do proxecto de dixitalización do arquivo histórico audiovisual de Galicia xestionado pola Corporación de SAG.

- Impulsar a multimedialidade das instalacións da RG, mellorando as capacidades con outro estudio multimedia. Isto supón un avance no concepto transmedia das redaccións.

- Consolidar unha plataforma propia de distribución de contido sonoro, accesible desde web e app, reducindo dependencia de plataformas comerciais.

- Ampliar a oferta de contidos nativos en audio: podcasts informativos, minipodcasts de servizo público, ficción sonora, documentais sonoros e formatos transmedia.

- Impulsar a redefinición de novos proxectos funcionais e tecnolóxicos que lle dean plena coherencia ao arquivo de produtos nativos dixitais da Corporación de SAG, que medra ao ritmo de 20.000 horas anuais.

- Potenciar o traballo nas redes sociais como instrumento para a provisión de contidos xerando un esquema de comunicación con un gran potencial de retroalimentación, mesmo para establecer audiencias dinámicas que faciliten a participación nos seus contidos televisivos.

- Avanzar, para completar, na integración plena de medios da Corporación de forma que incorpore ás delegacións territoriais da Corporación de SAG.

I.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRICIÓN EIXO
E4	COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRICIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
E4	PA.4.3	POTENCIAR A CULTURA E A LINGUA GALEGA COMO ELEMENTOS CLAVE PARA CONSTRUÍR UNHA SOCIEDADE INCLUSIVA E COHESIONADA E QUE CONTRIBÚA Á CALIDADE DE VIDA DA CIDADANÍA.

Tecnoloxías de apoio baseadas en IA para procesos de transcrición, etiquetado e recuperación de contidos audiovisuais.

- Ferramentas de intelixencia artificial aplicada á análise de tendencias de consumo audiovisual no marco do Plan Galicia Dixital 2030.

- Sistemas automáticos de asistencia á documentación e catalogación.

- Proxectos piloto orientados a reforzar a eficiencia sen interferir nos procesos creativos ou editoriais, garantindo a supervisión humana en todo momento.

- A incorporación progresiva de tecnoloxías IA farase, entre outros aspectos, baseándose en exemplos de éxito e boas prácticas xa implementados noutras radiotelevisións públicas europeas, baixo o obxectivo de traspoñer os modelos de uso máis adecuados ao ecosistema dixital da Corporación.

- Implantar solucións con intelixencia artificial para mellorar a eficacia da comercialización publicitaria.

- Mellora na medición de audiencias en televisión, radio e canais dixitais.

- Creación de novos procesos de emisión e certificación da publicidade na Radio Galega.

- Novo sistema de venta de produtos da Corporación de SAG a plataformas dixitais.

- Utilizar modelos de IA para predición de audiencias e deseño de programación baseada en datos reais de consumo.

- Neste contexto, cómpre iniciar un proceso evolutivo para a incorporación de elementos de IA, mellora a xestión dos datos cara a predición e análise de resultados.

- Evolución técnica da plataforma Agalega, Agalegaaudio e Xabarín. A plataforma OTT contempla, a nivel operativo, establecer os mecanismos de evolución necesarios derivados do avance tecnolóxico de cara á renovación do servizo no ano 2026. Esta evolución debe centrarse na mellora constante da experiencia dos usuarios.

- Supervisión dos procesos de creación e emisión dos contidos textuais da TVG e TVG2 a través das Guías Electrónicas de Programación (EPG).

- Mellorar a estratexia en redes sociais e contido vertical cara a manter unha presenza activa nas principais redes sociais con contido replicable e reutilizable en plataformas propias.

- Deseñar contidos nativos en formato vertical e de curta duración, orientados á participación cidadá e á contextualización informativa.

- Activar funcionalidades de interacción directa coa cidadanía na app e na web (enquisas, preguntas, mensaxes en vídeo ou audio da propia audiencia).

b) Liñas de acción na área de emisión.

Con soporte nas súas dispoñibilidades orzamentarias, manterá a emisión das canles dixitais, de radio e televisión, que seguirán ás seguintes liñas estratéxicas:

- As emisións de radio e televisión terán o maior ámbito de cobertura posible dentro do territorio autonómico cunha mellora no sistema de distribución do sinal.

- A Corporación de SAG manterá unha estratexia de presenza de marca nos sistemas de transporte de sinal legalmente previstos para as canles dixitais e os dispositivos de televisión e radio en mobilidade, con melloras cualitativas como a emisión do sistema HbbTV e UHD (4K).

c) Liñas estratéxicas e obxectivos de produción.

A Corporación de SAG fixará os seus obxectivos de produción en atención aos principios de eficiencia, calidade e rendibilidade do servizo prestado, baixo a premisa de manter o pulso da competitividade, debendo atender, sempre que a dispoñibilidade orzamentaria o permita, as seguintes políticas en materia de contratación de dereitos:

- A programación informativa dos diversos medios e os programas de carácter institucional será realizada e executada cumprindo as liñas estratéxicas de produción, programación e emisión.

- Manterase o nivel de colaboración en aspectos de carácter material ou técnico da cadea de produción co fin de contribuír ao desenvolvemento, dinamización e colaboración co sector audiovisual de Galicia, como establecen e aconsellan as políticas audiovisuais europeas.

A Corporación de SAG para o desenvolvemento e consecución destes obxectivos estratéxicos e da misión de servizo público que ten encomendadas, actuando baixo o obxectivo de rendibilidade social e eficiencia económica, pretende desenvolver para o ano 2026 as seguintes actuacións:

- Promover os principios inspiradores da programación sinalados na Lei 1/2025, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital.

- Execución operativa das actuacións acollidas no Plan Xeral de Actuación da Corporación.

- Contribuír ao desenvolvemento da sociedade dixital, para o cal vai traballar nos catro vectores que a Estratexia dixital de Galicia 2030 determina que debe ter unha empresa pú¬blica: igualdade dixital, foco nas persoas, impulso dun ecosistema dixital forte e liderado dixital. Nesa clave ten emprendido un programa de innovación aberta entre o seu persoal na medida que nel radica o talento que é o seu motor como empresa.

- Promover a xestión do valor público para a cidadanía e a sociedade como estratexia de lexitimación do servizo audiovisual público. Proponse a súa potenciación a través dos valores, da innovación e da implicación dos grupos de interese. O valor público céntrase en oito vectores: participación, calidade, independencia, diversidade, proximidade, innovación, valor engadido e responsabilidade.

- Xestionar a transformación dixital fortalecendo os espazos de innovación, a estratexia dixital, a programación de contidos culturais, estratexias sobre públicos infantís e xuvenís, coordinación de valores públicos e políticas de igualdade e diversidade que poñan o énfase nunha nova narrativa de xestión das corporacións audiovisuais. Preténdese así, poñer o foco no valor público porque destaca como unha narrativa de diferenciación do servizo público media fronte a un ecosistema comunicacional amplo e complexo.

- Contribuír na proxección de Galicia cara ao exterior ofrecendo programación, emisións e información de calidade que contribúan a esta proxección.

- Executar liñas de acción comprometidas cunha tracción decisiva como motor do sector audiovisual galego, na medida que está implicada de xeito activo coa elaboración da maioría dos seus contidos en Galicia.

d) Liñas de acción en materia de tecnoloxía.

As actuacións na área de tecnoloxía e medios están centradas en reforzar as capacidades operativas da actividade produtiva, conscientes de que a tecnoloxía xoga un papel moi importante no sector do entretemento e medios. Unha actividade liderada por persoas e potenciada pola tecnoloxía cara a favorecer unha plataforma dixital máis rica e inmersiva sensible a aspectos de realidade virtual aumentada mixta e intelixencia artificial.

- Modernización integral do equipamento hardware core dos estudios de control da radio da sede central da Corporación en San Marcos, constituído por mesas mesturadoras de son e matrices de entradas e saídas de sinais do estudio de control central.

- Actualización do sistema de produción audiovisual, incluíndo, entre outros, a actualización dos seguintes subsistemas esenciais: sistema de edición básica, de edición avanzada, de inxesta e trascodificación de media, de xestión de media, xerador de escaletas, de emisión (software e hardware) dos estudios de control, de cortalumes da rede de produción e actualización libraría de arquivado de cintas da media producida.

Os obxectivos da Corporación na área de tecnoloxía e medios para o ano 2026 focalízanse en consolidar e modernizar a infraestrutura tecnolóxica mediante a implantación e desenvolvemento de novas tecnoloxías (Ultra Alta Definición) e en contribuír a garantir infraestruturas dixitais e de datos seguras e accesibles, en clave de ciberseguridade, que permitan actualizar á contorna tecnolóxica actual co fin de garantir un servizo público plenamente adaptado ás novas esixencias da comunicación dixital.

- Finalizar o sistema de iluminación do plató 300.

- Continuar coa modernización dos bens de equipo e renovación selectiva do parque de ordenadores.

e) Liñas de acción en materia de economía, administración e xurídica.

- No ámbito Económico-Administrativo e de Xestión o eixe fundamental é o perfeccionamento e mellora continua de eficacia na xestión. En todo caso, a mellora dos instrumentos e ferramentas de rexistro da información económica-financeira, a consolidación da implantación da administración electrónica e o saneamento económico financeiro, que é xa un dato característico consolidado.

- No ámbito Xurídico, a preservación das garantías en orde á salvagarda da responsabilidade xurídica Corporativa e mesmo na xestión estratéxica dos recursos humanos.

Outras dimensións relevantes da xestión de soporte que deberán terse en conta son a consolidación do modelo de xestión, do equilibrio e da autonomía en termos financeiros; a incorporación á dinámica dese equilibrio das novas posibilidades de xeración de valor a partir da actividade e os seus efectos; a persistencia, en clave de perfeccionamento continuo, na mellora dos instrumentos e ferramentas de rexistro de información de natureza económico-financeira e da súa capacidade para xerar coñecemento estratéxico.

f) Liñas de acción en materia de xestión das persoas.

- Na área de xestión de recursos humanos continúase a executar operativamente o plan laboral centrado nas persoas e comprometido coa estabilidade no emprego e o desenvolvemento profesional. Este se articula de xeito prioritario sobre os vectores seguintes: estabilidade no emprego, clima laboral, coidado do entorno de traballo, estudio da implantación de instrumentos colaborativos, recoñecemento e participación dos traballadores/as, comunicación corporativa efectiva e formación continua.

- As actuacións están focalizadas en propiciar contornas que contribúan a favorecer o desenvolvemento profesional, a iniciativa e unha maior satisfacción laboral. Mesmo continuar mellorando a xestión operativa dos recursos humanos en relación coa nova organización produtiva, dotándoa dun sistema de xestión integral que impulse avances en clave de desenvolvemento profesional e rendemento operacional e estratéxico.

I.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	DESCRICIÓN OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	2026	2027	2028
OE.4.3.01	ESTIMULAR A PRODUCIÓN CULTURAL E A SÚA DISTRIBUCIÓN, APOIANDO A INNOVACIÓN CULTURAL E A TRANSVERSALIDADE DA CREATIVIDADE NOS SECTORES PRODUTIVOS, FACILITANDO O ACCESO Á CULTURA DA CIDADANÍA E AVANZANDO NA SÚA PROXECCIÓN EXTERIOR E INTERNACIONALIZACIÓN. APOIAR Á INDUSTRIA DE CONTIDOS CULTURAIS	139.993.942	139.993.942	139.993.942
	TOTAL	**139.993.942**	**139.993.942**	**139.993.942**

OBX OPERATIVO	DESCRICIÓN OBX OPERATIVO	2026	2027	2028
0008	EMISIÓN E PRODUCIÓN DE CONTIDOS DE CALIDADE DE RADIO E TELEVISIÓN EN GALEGO.	139.993.942	139.993.942	139.993.942
	TOTAL	**139.993.942**	**139.993.942**	**139.993.942**

INDICADOR	DESCRICIÓN INDICADOR	2026	2027	2028	UNIDADES
P01006	Emisión de programas producidos en Galicia na RG	7.525	7.525	7.525	Horas
P01007	Emisión de programas producidos en Galicia na TVG	6.650	6.650	6.650	Horas
P01126	Contidos publicados nas canles dixitais da CRTVG	100.000	100.000	100.000	Número

Estas actuacións constitúen principios que están presentes na área da xestión das persoas e na organización nun horizonte temporal con vocación estrutural.

- O esquema de xestión desenvolvido permite conformar un conxunto de medidas que, xunto coa actualización do cadro de persoal, facilite unha contribución activa cara a: mellorar a xestión en clave de seguridade xurídica, proporcionar transparencia externa e interna plenamente coherente coa reformulación da cultura corporativa, ter un decisivo valor instrumental inmediato en clave de xestión e soporte para a estabilización no emprego de todo o cadro de persoal, mellorar así a capacidade de gobernanza facilitándolle ao supervisor e aos órganos de goberno da Corporación de SAG a toma de decisións.

En resumo, os retos están centrados nas novas competencias que demande a actividade e tamén en xestionar o cambio de forma acompasada coas necesidades produtivas mellorando as capacidades de adaptación estratéxica.

- Elaborar e executar un plan de formación continua que atenda nos seus contidos as necesidades de formación do conxunto das persoas ao servizo da Corporación.

- Poñer en marcha un plan de formación continua para todo o persoal da Corporación de SAG en competencias multimedia, transmedia e dixitais.

- Favorecer a creación dun grupo interno de alto rendemento que promova a formación especializada, con colaboracións externas de prestixio (universidades, centros tecnolóxicos...).

- Capacitar en edición de vídeo lixeira, deseño de contido vertical, produción para redes, xestión de CMS, podcast e IA aplicada á comunicación.

- Executar procesos de promoción interna como recoñecemento do talento propio, para facilitar a promoción das persoas traballadoras.

Finalmente, en perspectiva de proxección institucional sobre a sociedade, a Corporación executará unha liña de acción que teña por obxecto realizar a imaxe e identidade da marca CSAG; tamén deberá manter as súas alianzas para os proxectos en I+D+i que, asemade, repercutan na súa concorrencia de mercado e acheguen valor aos sectores económicos correspondentes do país; sintonizar a súa comunicación externa coa redefinición da pirámide de marcas que poida darse; actualizar e mellorar os sistemas convencionais desa comunicación directa co seu público e incrementar o aproveitamento analítico da información xerada por esa vía; persistir e profundar no estudo da súa notoriedade como referencia de efecto social que completa e matiza a simple valoración de audiencias; considerar analiticamente en conxunto a suma de convenios asinados con entidades do terceiro sector e establecer ao respecto unha estratexia ordenada de actualización, normalización e eventual ampliación sectorial para constituíla nun vector de responsabilidade social corporativa; continuar perfeccionando os seus instrumentos de transparencia, nomeadamente os de alcance xeral.

En definitiva, ampliar e continuar mellorando a estratexia de responsabilidade social corporativa asociada ao concepto de valor público como parte dunha estratexia global de proxección social que foi perfilando nos últimos anos.

A promoción da sostibilidade ambiental e económica, da igualdade de oportunidades e trato para mulleres e homes, e do respecto á diferenza plásmanse así tanto na actividade de comunicación como na xestión interna. Engádese a isto, en clave de prestación do servizo público encomendado, a promoción do uso e o impulso á vitalidade da lingua galega. Internamente, como horizonte de referencia na xestión do persoal, sitúase a consecución dun emprego de calidade. As actuacións e avances nese sentido están informadas transversalmente polos principios de igualdade de trato e respecto á diferenza, así como polos de xestión do cadro que se mencionaron, e concrétanse, alén da estabilidade contractual e un nivel retributivo axeitado, nun marco estable de diálogo social, nun medio laboral san e

seguro, nunha organización e xestión do tempo de traballo humanizadora e que promove a conciliación e a coresponsabilidade no fogar entre homes e mulleres, o mesmo que nun recoñecemento e promoción do talento.

Resulta así un vector moi destacado, transversal e obxecto asemade de actuacións específicas, tanto na dinámica interna da Corporación de SAG como na súa actividade de comunicación, o seu compromiso coa igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, e coa erradicación do maltrato. Na dimensión especificamente empresarial iso supón o desenvolvemento activo de políticas que a integren, así como o impulso e fomento de medidas para conseguir a igualdade real no seo da organización, establecendo a igualdade de trato e oportunidades como un principio estratéxico explícito da política Corporativa.

Doutro lado, incardínase na proxección social, agora en sentido externo, o papel motor da CSAG nos sectores TIC e audiovisual, o mesmo que o seu impulso ao desenvolvemento da sociedade dixital.

En todas esas perspectivas o compromiso da CSAG é de extensión e consolidación das políticas existentes desde unha traxectoria de xestión estratéxica sostida. A compoñente literalmente de extensión considerarase de xeito especial no plano institucional en canto á relación coas instancias en que se organiza a sociedade civil, nomeadamente co terceiro sector. Deste xeito atenderase a estabilizar e formalizar mediante convenios que a consoliden e doten de maior rendibilidade social a densa rede de relacións da Corporación de SAG con diversas iniciativas nese ámbito. Tamén a incrementar o coñecemento estratéxico das necesidades sentidas e pareceres do público, fiel e potencial, dos medios e canles da Corporación mediante estudos sistemáticos.

I.2. Inversións

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2026	CONCELLO
INVESTIMENTOS INTANXIBLES	2.024	2.029	41.231.642	6.595.000	1538078
INVESTIMENTOS MATERIAIS	2.024	2.029	16.519.483	2.335.000	1538078
		TOTAL	**57.751.125**	**8.930.000**	

I.3. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA	57.977.689	73.086.253	8.930.000
TOTAL	**57.977.689**	**73.086.253**	**8.930.000**

I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

INGRESOS

Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2026	2027	2028
Ingresos Publicitarios Netos	7.800.000	7.800.000	7.800.000
Outras Vendas	723.000	723.000	723.000
Outros Ingresos de Xestión	40.000	40.000	40.000
TOTAL	**8.563.000**	**8.563.000**	**8.563.000**

- O Orzamento de Explotación ascende a 140.113.942 euros. No mesmo inclúense as "Vendas e outros ingresos de explotación" (8.563.000 euros), os "Ingresos de Capital Transferidos ao Resultado do Exercicio" (370.000 euros) e as "Achegas Patrimoniais" (131.180.942 euros).

- O Orzamento Consolidado ascende a 139.993.942. No mesmo inclúense as "Vendas e outros ingresos de explotación" (8.563.000), as "Achegas Patrimoniais" (131.180.942 euros), e as "Subvencións de Capital" (250.000 euros).

GASTOS

Gastos de persoal

	REAL 2024	ESTIMADO 2025	PREVISIÓN 2026
Nº Empregados	865	865	865
Custo Total	38.569.068	39.279.497	43.839.567
Custo Medio	44.589	45.410	50.682

O custo medio dos gastos de persoal calcúlase tendo en conta unicamente a masa salarial.

Servizos exteriores

DESCRICIÓN	REAL 2024	ESTIMADO 2025	PREVISIÓN 2026	PREVISIÓN 2027	PREVISIÓN 2028
620 Gastos Investig. e Desenvolv. do Exercicio	493.835	519.100	559.000	559.000	559.000
621 Alugueiros e Cánones	3.922.928	4.162.350	4.138.000	4.138.000	4.138.000
622 Reparacións e Conservación	1.785.347	2.254.250	1.940.900	1.940.900	1.940.900
623 Servizos de Profesionais Independentes	1.608.569	1.714.000	1.764.000	1.764.000	1.764.000
624 Transportes	7.272	11.100	11.000	11.000	11.000
625 Primas de Seguros	113.143	128.000	133.000	133.000	133.000
626 Servizos Bancarios e Similares	157.458	154.000	14.000	14.000	14.000

DESCRICIÓN	REAL 2024	ESTIMADO 2025	PREVISIÓN 2026	PREVISIÓN 2027	PREVISIÓN 2028
627 Publicidade, Propaganda e Relac. Publicas	136.537	140.600	66.700	66.700	66.700
628 Subministracións	744.579	768.400	846.000	846.000	846.000
629 Outros Servizos	8.634.637	8.670.037	9.005.400	9.005.400	9.005.400
TOTAL	**17.604.305**	**18.521.837**	**18.478.000**	**18.478.000**	**18.478.000**

CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

Ao Consello de Administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A. correspóndenlle as competencias e funcións establecidas na Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital e componse de sete membros elixidos polo Parlamento de Galicia, un deles é o director xeral.

O traballo colexiado do Consello desenvólvese a través de reunións do pleno e das seis comisións de participación: Economía e Control, Igualdade, Responsabilidade Social Corporativa, Programación, Re-cursos Humanos e Regulamento e Réxime Interior. En 2026 está previsto realizar 12 plenos ordinarios e aproximadamente 100 reunións das comisións de participación.

Nos orzamentos para 2026, os gastos correspondentes a os seis membros do Consello de Administración consígnanse no concepto de Servizos Exteriores (véxase cadro anterior) incluídos na conta "629 - Outros Servizos" por importe de 489.000 euros, glosado en Remuneracións (414.200 €) e Seguridade Social a cargo da empresa (74.800 €).

Amortización

DESCRICIÓN	REAL 2024	ESTIMADO 2025	PREVISIÓN 2026
6802 Amortizac.Inmobilizado Intanxible	6.612.468	6.704.000	6.805.000
6812 Amortizac.Inmobilizado Material	1.693.515	1.702.350	2.245.000
TOTAL	**8.305.983**	**8.406.350**	**9.050.000**

I.4.2. Previsións Orzamento de capital

ORIXES

Transferencias e subvencións de capital recibidas

SUBVENCIÓNS DE CAPITAL RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2024	ESTIMADO 2025	PREVISIÓN 2026
Presidencia da Xunta de Galicia (código 04)	250.000	250.000	250.000
TOTAL	**250.000**	**250.000**	**250.000**

Achegas patrimoniais

APORTACIÓNS DE RECURSOS PROPIOS DA C.A.	REAL 2024	ESTIMADO 2025	PREVISIÓN 2026
Presidencia da Xunta de Galicia (código 04)	132.859.961	127.180.942	131.180.942
TOTAL	**132.859.961**	**127.180.942**	**131.180.942**

Remanente de Tesourería

	2024	2025
1. Fondos líquidos	53.484.387	53.484.387
2. Dereitos pendentes de cobro (+)	78.493.398	78.493.398
Do orzamento corrente		
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias	72.973.233	72.973.233
De operacións comerciais	5.520.165	5.520.165
3. Obrigas pendentes de pago (-)	107.297.028	107.297.028
Do orzamento corrente		
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias	77.632.629	77.632.629
De operacións comerciais	29.664.399	29.664.399
4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)	0	0
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva		
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva		
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)	24.680.757	24.680.757
II. Exceso de financiamento afectado		
III. Saldos de dubidoso cobro		
IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)	24.680.757	24.680.757

APLICACIÓNS

Adquisicións de inmobilizado non financeiro

ADQUISICIÓNS INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2024	ESTIMADO 2025	PREVISIÓN 2026
Aplicacións Informáticas	180.751	170.000	180.000
Construcións	46.742	28.062	29.000
Dereitos Prop. Coproducións e Explot. Comercial	7.671.558	6.812.000	6.406.000
Elementos de Transporte	28.099	0	0
Equipos Proceso Información	150.116	150.000	200.000
Instalacións Técnicas	1.760.047	200.100	206.000
Maquinaria e Equipos Técnicos	1.167.344	2.778.538	1.550.000
Moblaxe	13.732	15.000	15.000
Outras Instalacións	559.010	205.300	305.000
Outro Inmobilizado Material	47.393	30.000	30.000
Patentes e Marcas	8.333	9.000	9.000
TOTAL	**11.633.125**	**10.398.000**	**8.930.000**

FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

COMPROMISOS A FUTURO GASTOS DE EXPLOTACIÓN (ANO 2027, 65.889.689 EUROS; ANO 2028, 61.752.689 EUROS; ANO 2029, 59.797.689 EUROS; ANO 2030, 59.012.689 EUROS E ANO 2031, 58.637.689 EUROS). 1) Compras, servizos TRLCSP (ano 2027, 850.000 euros; ano 2028, 350.000 euros; ano 2029, 200.000 euros; ano 2030, 100.000 euros; ano 2031, 50.000 euros). 2) Compras produtos e elementos incorp. (ano 2027, 1.500.000 euros; ano 2028, 320.000 euros). 3) Compras outros aprovisionamentos (ano 2027, 25.000 euros). 4) Colaboracións artísticas (ano 2027, 50.000 euros). 5) Traballos realizados por outras empresas (ano 2027, 440.000 euros; ano 2028, 120.000 euros; ano 2029, 50.000 euros). 6) Gastos investigación e desenvolvemento (ano 2027, 390.000 euros; ano 2028, 255.000 euros; ano 2029, 50.000 euros). 7) Alugueiros e Cánones (ano 2027, 530.000 euros; ano 2028, 320.000 euros; ano 2029, 75.000 euros; ano 2030, 75.000 euros; ano 2031, 25.000 euros). 8) Reparacións e Conservación (ano 2027, 1.045.000 euros; ano 2028, 520.000 euros; ano 2029, 225.000 euros; ano 2030, 25.000 euros; ano 2031, 20.000 euros). 9) Servizos profesionais independentes, de produción propia (ano 2027, 565.000 euros; ano 2028, 200.000 euros; ano 2029, 35.000 euros; ano 2030, 20.000 euros). 10) Transportes (ano 2027, 37.000 euros; ano 2028, 20.000 euros; ano 2029, 10.000 euros). 11) Primas de seguros (ano 2027, 160.000 euros; ano 2028, 50.000 euros). 12) Promoción e imaxe (ano 2027, 120.000 euros). 13) Subministracións (ano 2027, 1.050.000 euros; ano 2028, 850.000 euros; ano 2029, 725.000 euros; ano 2030, 690.000 euros; ano 2031, 500.000 euros). 14) Outros servizos (ano 2027, 1.150.000 euros; ano 2028, 770.000 euros; ano 2029, 450.000 euros; ano 2030, 125.000 euros; ano 2031, 65.000 euros). 15) Gastos de persoal (ano 2027, 57.977.689 euros; ano 2028, 57.977.689 euros; ano 2029, 57.977.689 euros; ano 2030, 57.977.689 euros; ano 2031, 57.977.689 euros).

COMPROMISOS A FUTURO INVESTIMENTOS DE CAPITAL

(ANO 2027, 1.020.000 EUROS; ANO 2028, 675.000 EUROS E ANO 2029, 295.000 EUROS). 1) Aplicacións informáticas (ano 2027, 90.000 euros; ano 2028, 40.000 euros; ano 2029, 20.000 euros). 2) Construcións (ano 2027, 100.000 euros; ano 2028, 120.000 euros). 3) Instalacións técnicas (ano 2027, 450.000 euros; ano 2028, 450.000 euros; ano 2029, 250.000 euros). 4) Maquinaria e Equipos Técnicos (ano 2027, 220.000 euros; ano 2028, 45.000 euros; ano 2029, 25.000 euros). 5) Outras Instalacións (ano 2027, 70.000 euros; ano 2028, 20.000 euros). 6) Equipos procesos de información (ano 2027, 90.000 euros).

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2026

CORPORACIÓN RADIO TELEVISIÓN DE GALICIA

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2024	ESTIMADO 2025	ORZAMENTO 2026
	A) ACTIVO NON CORRENTE	103.812	103.603	103.483
	I. Inmobilizado intanxible	23.204	21.291	21.081
	1. Desenvolvemento			
	2. Concesións			
	3. Patentes, licencias, marcas e similares			
	4. Fondo de comercio			
	5. Aplicacións informáticas	212	156	84
	6. Outro inmobilizado intanxible	22.992	21.135	20.997
	II. Inmobilizado material	7.559	9.264	9.354
	1. Terreos e construccións	4.303	3.971	3.629
	2. Instalacións técnicas, e outro inmobilizado material	3.256	5.293	5.725
	3. Inmobilizado en curso e anticipos			
	III. Investimentos inmobiliarios			
	1. Terreos			
	2. Construccións			
	IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a longo prazo			
	1. Instrumentos de patrimonio			
	2. Créditos a empresas			
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	V. Investimentos financeiros a longo prazo	73.049	73.049	73.049
	1. Instrumentos de patrimonio	97	97	97
	2.Créditos a terceiros			
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros	72.952	72.952	72.952
	VI. Activos por imposto diferido			
	B) ACTIVO CORRENTE	59.121	59.121	59.121
	I. Activos non correntes mantidos para a venda			
	II. Existencias	96	96	96
	1. Comerciais			
	2. Materias primas e outros aprovisionamentos	96	96	96
	3. Productos en curso			
	4. Productos terminados			
	5. Subproductos, residuos e materias recuperados			
	6. Anticipos a proveedores			
	III. Deudores comerciais e outras contas a cobrar	5.259	5.259	5.259
	1. Clientes por ventas e prestacións de servizos	3.183	3.183	3.183
	2. Clientes, empresas do grupo e asociadas	250	250	250
	3. Debedores varios	42	42	42
	4. Persoal	26	26	26
	5. Activos por imposto corrente			
	6. Outros créditos coas Administracións Públicas	1.758	1.758	1.758
	7. Accionistas (socios) por desembolsos esixidos			
	IV. Inverstimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo			
	1. Instrumentos de patrimonio			
	2. Créditos a empresas			
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	V. Investimentos financeiros a curto prazo	22	22	22
	1. Instrumentos de patrimonio			
	2. Créditos a empresas			
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros	22	22	22
	VI. Periodificacións a curto prazo	260	260	260

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2026

CORPORACIÓN RADIO TELEVISIÓN DE GALICIA

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais) REAL 2024	ESTIMADO 2025	ORZAMENTO 2026
	VII. Efectivo e outros líquidos equivalentes	53.484	53.484	53.484
	1. Tesourería	53.484	53.484	53.484
	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	TOTAL ACTIVO (A+B)	162.933	162.724	162.604

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2026

CORPORACIÓN RADIO TELEVISIÓN DE GALICIA

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. PATRIMONIO NETO E PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2024	ESTIMADO 2025	ORZAMENTO 2026
	A) PATRIMONIO NETO	55.636	55.524	55.434
	A.1) Fondos propios	55.417	55.417	55.417
	I. Capital	25.000	25.000	25.000
	1. Capital escriturado	25.000	25.000	25.000
	2. (Capital non esixido)			
	II. Prima de emisión			
	III. Reservas	23.988	30.417	30.417
	1. Legal e estatutarias	2.323	2.323	2.323
	2. Outras reservas	21.665	28.095	28.095
	IV. (Accións e participacións no patrimonio propias)			
	V. Resultados de exercicios anteriores			
	1. Remanente			
	2. (Resultados negativos de exercicios anteriores)			
	VI. Outras aportacións de socios	119.923	127.181	131.181
	VII. Resultado do exercicio	-113.494	-127.181	-131.181
	VIII. (Dividendo a conta)			
	IX. Outros instrumentos do patrimonio neto			
	A.2) Axustes por cambios de valor			
	I. Activos financeiros disponibles para a venda			
	II. Operacións de cobertura			
	III. Outros			
	A.3) Subvencións, doacións e legados recibidos	218	107	16
	B) PASIVO NON CORRENTE	76.067	76.067	76.067
	I. Provisións a longo prazo	3.183	3.183	3.183
	1. Obrigas por prestacións a longo prazo ó persoal	3.183	3.183	3.183
	2. Actuacións medioambientais			
	3. Provisións por reestructuración			
	4. Outras provisións			
	II. Débedas a longo prazo			
	1. Obrigas e outros valores negociables			
	2. Débedas con entidades de crédito			
	3. Acredores por arrendamento financeiro			
	4. Derivados			
	5.Outros pasivos financeiros			
	III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo	72.884	72.884	72.884
	IV. Pasivos por imposto diferido			
	V. Periodificacións a longo prazo			
	C) PASIVO CORRENTE	31.230	31.133	31.104
	I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda			
	II. Provisións a curto prazo			
	III. Débedas a curto prazo	6.397	6.397	6.397
	1. Obrigas e outros valores negociables			
	2. Débedas con entidades de crédito			
	3. Acredores por arrendamento financeiro			
	4. Derivados			
	5.Outros pasivos financeiros	6.397	6.397	6.397
	IV. Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo	2.385	2.385	2.385
	V. Acredores comerciais e outras contas a pagar	22.448	22.351	22.322
	1. Provedores	39	39	39
	2. Provedores, empresas do grupo e asociadas			
	3. Acredores varios	2.794	2.794	2.794
	4. Persoal (remuneracións pendentes de pago)	523	523	523
	5. Pasivos por imposto corrente			
	6. Outras débedas coas Administracións Públicas	19.048	18.951	18.922
	7. Anticipos clientes	44	44	44
	VI. Periodificacións a curto prazo			
	TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)	162.933	162.724	162.604

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2026
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN
CORPORACIÓN RADIO TELEVISIÓN DE GALICIA

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais) REAL 2024	ESTIMADO 2025	ORZAMENTO 2026
	A) OPERACIONS CONTINUADAS			
	1. Importe neto da cifra de negocios	8.116	8.077	8.473
	a) Vendas	8.080	8.056	8.436
	b) Prestacións de servizos	35	21	37
	2.Variación de existencias de ptos terminados e en curso de fabricac.	-81		
	3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo.	3.447	3.510	3.615
	4. Aprovisionamentos	-46.066	-46.224	-45.168
	Consumo de mercaderías	-38.247	-38.546	-35.836
	Consumo de materias primas e outras materias consumibles	-1.545	-1.392	-1.659
	Traballos realizados por outras empresas	-3.761	-4.086	-4.150
	Deterioro de mercaderías, materias primas e outros aprovisionamentos	-2.512	-2.200	-3.524
	5. Outros ingresos de explotación	316	51	90
	Ingresos accesorios e outros de xestión corrente	316	51	90
	Subvencións de explotación incorporadas ó resultado exercicio			
	6. Gastos de persoal	-54.733	-53.675	-57.978
	Soldos, salarios e asimilados	-38.569	-39.279	-43.840
	Cargas sociais	-13.845	-13.595	-14.138
	Provisións	-2.319	-800	
	7, Outros gastos de explotación	-17.724	-31.636	-31.442
	Servizos exteriores	-17.604	-18.522	-18.478
	Tributos	-153	-13.108	-12.958
	Perdas, deterioros e variacións de provisións por operacións comerciais	38	-1	
	Outros gastos de xestión corrente	-4	-5	-6
	8. Amortización do inmobilizado	-8.306	-8.406	-9.050
	Amortización do inmobilizado intanxible	-6.612	-6.704	-6.805
	Amortización do inmobilizadomaterial	-1.694	-1.702	-2.245
	Amortización das inversións inmobiliarias			
	9. Imputación de subvencións do inmobilizado non financeiro e outras.	374	361	370
	10. Excesos de provisións	197	48	
	11. Deterioro e resultado por alleamentos de inmobilizado.	16	6	
	a) Deterioros e perdas			
	Do inmobilizado intanxible			
	Do inmobilizadomaterial			
	Das inversións inmobiliarias			
	b) Resultado por alleamentos e outras	16	6	
	Do inmobilizado intanxible			
	Do inmobilizadomaterial	16	6	
	Das inversións inmobiliarias			
	12. Diferencia negativa de combinacións de negocio			
	13. Outros resultados	52	-2	
	Gastos excepcionais	-2	-2	
	Ingresos excepcionais	53		
	A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)	-114.392	-127.889	-131.090
	14. Ingresos financeiros	984	800	
	a) De participación en instrumenos do patrimonio			
	b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros	984	800	
	15. Gastos financeiros	-82	-86	-85
	a) Por débedas con empresas do grupo			
	b) Por débedas con terceiros.			
	c) Por actualización de provisións	-82	-86	-85
	16. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros.			
	17. Diferencias de cambio	-3	-6	-6
	18. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros			
	19. Outros ingresos e gastos de carácter financeiro			
	A.2) RESULTADO FINANCEIRO (14+15+16+17+18+19)	898	708	-91
	A.3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	-113.494	-127.181	-131.181
	20. Imposto sobre beneficios			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2026
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN
CORPORACIÓN RADIO TELEVISIÓN DE GALICIA

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2024	ESTIMADO 2025	ORZAMENTO 2026
	A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓNS CONTINUADAS (A.3+20)	-113.494	-127.181	-131.181
	B) OPERACIÓNS INTERRUMPIDAS			
	21. Resultado do exercicio procedente de operacións interrumpidas neto de impostos.			
	A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4+21)	-113.494	-127.181	-131.181

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2026

Formulario SPA.04

CORPORACIÓN RADIO TELEVISIÓN DE GALICIA

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2024	ESTIMADO 2025	ORZAMENTO 2026
A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN			
1. Resultado do exercicio antes de impostos.	-113.494	-127.181	-131.181
2. Axustes no resultado	11.512	9.354	8.686
a. Amortización do inmobilizado (+)	8.306	8.406	9.050
b. Correccións valorativas por deterioro (+/-)	-12		
c. Variación de provisións (+/-)	2.123		
d. Imputación de subvencións (-)	-374	-361	-370
e. Resultados por baixas e alleamentos de inmob (+/-)	-16		
f. Resultados por baixas e alleamentos de insts finacs (+/-)			
g. Ingresos financeiros (-)	-984	-800	
h. Gastos financeiros (+)	82		
i. Diferencias de cambio (+/-)	3	6	6
j. Variación do valor razoable en insts fins(+/-)			
k. Outros ingresos e gastos (-/+)	2.383	2.103	
3. Trocos no capital corrente	4.697		
a. Existencias (+/-)	-3		
b. Debedores e outras contas a cobrar (+/-)	339		
c. Outros activos correntes (+/-)	-51		
d. Acredores e outras contas a pagar (+/-)	16.059		
e. Outros pasivos correntes (+/-)			
f. Outros activos e pasivos non correntes (+/-)	-11.647		
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.	984	794	-6
a. Pagos de intereses (-)			
b. Cobros de dividendos (+)			
c. Cobros de intereses (+)	984	800	
d. Cobros/pagos por imposto sobre beneficios (+/-)			
e. Outros pagos/cobros (-/+)		-6	-6
5. Fluxos de efectivo en actividades de explotación (1+2+3+4)	-96.301	-117.033	-122.501
B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO			
6. Pagos por investimentos (-)	-11.633	-10.398	-8.930
a. Empresas do grupo e asociadas (concretar empresa)			
b. Inmobilizado intanxible	-7.861	-6.991	-6.595
c. Inmobilizado material	-3.772	-3.407	-2.335
d. Investimentos inmobiliarios			
e. Outros activos financeiros			
f. Activos non correntes mantidos para a venda			
g. Outros activos			
7. Cobros por desinversións (+)			
a. Empresas do grupo e asociadas (concretar empresa)			
b. Inmobilizado intanxible			
c. Inmobilizado material			
d. Investimentos inmobiliarios			
e. Outros activos financeiros			
f. Activos non correntes mantidos para a venda			
g. Outros activos			
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimentos (7-6)	-11.633	-10.398	-8.930
C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN			
9. Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio	120.173	127.431	131.431
a. Emisión de instrumentos de patrimonio (+) (desglosar suscritores)	119.923	127.181	131.181
b. Amortización de instrumentos de patrimonio (-)			
c. Adquisición de instrumentos de patrimonio propio (-)			
d. Alleamento de instrumentos de patrimonio propio (+)			
e. Subvencións, doacións e legados recibidos (desglosar concedentes) (+)	250	250	250
10. cobros y pagos por instrumentos de pasivo financeiro	12.790		
a. Emisión	12.937		
1. Obrigas e outros valores negociables (+)			
2. Débedas con entidades de crédito (+)			
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (desglosar prestamista) (+)	12.937		
4. Outras débedas (desglosar prestamista) (+)			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2026

Formulario SPA.04

CORPORACIÓN RADIO TELEVISIÓN DE GALICIA

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2024	ESTIMADO 2025	ORZAMENTO 2026
b. Devolución e amortización de:	-146		
1. Obrigas e outros valores negociables (-)			
2. Débedas con entidades de crédito (-)			
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (desglosar prestamista) (-)			
4. Outras débedas (desglosar prestamista) (-)	-146		
11. Pagos por dividendos e remuneracións de outros instrumentos de patrimonio			
a. Dividendos (-)			
b. Remuneracións de outros instrumentos de patrimonio (-)			
12. Fluxos de efectivo das actividades de financiación (9+10+11)	132.964	127.431	131.431
D) EFECTOS DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO	-3		
E) AUMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+12-D)	25.032		
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO	28.452	53.484	53.484
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS	53.484	53.484	53.484